

Daniel no peirao

Paula Carballeira



GUÍA
DIDÁCTICA



A autora



Paula Carballeira

Paula Carballeira ten o costume de fabular todo o tempo. Por iso se dedica á literatura e ao teatro e anda disfrazada todo o día, buscando vidas ou palabras. Froito dese costume feliz, escribe libros e vai polo mundo traballando como actriz e narradora oral.


Así pois, gusta de contar historias e tamén de contar, como nos títulos Nunca mascotas ou Outras historias, publicadas en editorial Galaxia.



Eli García a ilustradora

Formouse na Escola de Arte e Deseño Antonio Faílde de Ourense como ilustradora e continuou os seus estudos na Escola Profesional de Cómic e Ilustración O Garaxe Hermético. Dende o ano 2018 compaxina os seus traballos como ilustradora científica con proxectos editoriais e de comic. A súa obra foi recoñecida en diversos certames de ilustración e BD. Participou en numerosas obras colectivas de banda deseñada dende o ano 2014, como 221BD (2015), Regreso a Illa de San Simón (2021), Florencio (2022). Tamén é autora das ilustracións da novela xuvenil Maxia de pedra (2021).

Vén de publicar a súa primeira obra de banda deseñada como autora titulada. O grande aviario.




[@elita_colibrista](#)

Argumento e temas

O neno Daniel vai ter que marchar á Arxentina coa súa nai para reunirse co pai. A tarde antes de embarcar rumbo a América, escapa durante unhas horas para debuxar os lugares e as persoas de Rianxo que máis lle gustan e así non esquecer nada do verdadeiramente importante. Pero a súa amiga Baltasara é moi difícil de debuxar, non para quieta, e ademais proponlle a Daniel unha verdadeira aventura que quedará para sempre na memoria: quitarlle o feitizo á Dona Encantada que, segundo contan, vive na Cova dos Carcamáns.



CASTELAO. O neno Daniel chegará a ser un home moi coñecido polas súas ilustracións, os seus libros e polo tratamento do humor. Era un humorista que xogaba coas palabras para conseguir un sorriso. Defendeu a lingua galega e todo o relacionado coa terra onde naceu.



A EMIGRACIÓN. Moita xente tivo e ten que emigrar para non vivir na pobreza. En Galicia, houbo unha época en que a maior parte das persoas que emigraban ían a América.



OS POBOS MARIÑEIRO. Os traballos en relación co mar: a pesca, a venda de peixe, o mantemento dos barcos e das redes... Os homes pasaban longas tempadas no mar e quedaba en terra, os nenos, as nenas, as persoas xa maiores e as que non podían traballar.



A FAMILIA. A aprendizaxe da vida e dos seus segredos a través da familia e das historias que se contan na casa.



A AMIZADE. A aprendizaxe da vida e dos seus segredos a través das aventuras coas amigas e cos amigos.



A CULTURA POPULAR. Baltasara, a amiga de Daniel, sabe cousas que ás veces non están nos libros, porque son das que se contan coa voz e os xestos e se gardan na memoria. Lendas e misterios como as das moursas e as Donas Encantadas.

Actividades previas á lectura

O título dun libro debe ser suxestivo a atractivo para o lector.

1º Que se agocha detrás do título dun libro?

2º No título deste libro hai o nome dunha persoa e un lugar.

Se o seu nome está no título, é probable que Daniel sexa o protagonista. Coñeces algún Daniel? Coñeces algún Daniel famoso? Coñeces algún Daniel que saia nos libros?

O lugar que está no título do libro é un peirao. Os peiraos son lugares onde a miúdo comezan as aventuras. Estiveches algunha vez nun peirao? Estiveches algunha vez nun barco? Gústache navegar? Coñeces algún libro sobre peiraos ou barcos?

3º As ilustracións da cuberta dun libro ofrécennos bastantes pistas do seu contido. Fíxate como vai vestido o neno da cuberta. Pareceche que é rico ou máis ben pobre? Leva lentes e está debuxando. As lentes axudan a ver mellor as formas e as cores e acaban por formar parte do aspecto dunha persoa. Que persoas reais ou personaxes de libros, cómics, películas ou de videoxogos coñeces que leven lentes?

Actividades posteriores á lectura

- 1º** Hai persoas tan importantes que acaban por ser tamén personaxes de libros. Coñecías a Castelao? Soábache o seu nome? Para escribir este libro houbo que investigar sobre a súa vida. Por que non buscas algo da vida de Castelao que chame a túa atención?
- 2º** Do mesmo xeito que, ao escribir, inventamos historias que lles acontecen a uns personaxes que imaxinamos, podemos inventarlles historias a personaxes que existiron de verdade. Por que non escolles unha persoa que admires e lle inventas unha aventura?
- 3º** Este libro ten algo especial: é unha obra de teatro. No teatro, podemos darlles vida aos personaxes que queiramos, tamén a grandes escritores e escritoras. Imaxínade como serían esas grandes escritoras e escritores cando eran nenos e nenas coma vós. Xogade ao teatro. Buscade roupas, pinturas para a cara, facede uns decorados, escribide unha pequena peza... Tamén pode ser unha peza sen palabras, ou de monicreques, de marionetas, de sombras... O teatro ten unha chea de posibilidades.
- 4º** Ás veces as historias que se contan nos libros acontecen en lugares imaxinarios. Eses lugares poden ser como nós queiramos: con terras verdes e bosques mestos, con cidades que ocupen espazos inmensos, con océanos cheos de criaturas fantásticas, poden ser planetas desta ou doutras galaxias... Como sería o lugar imaxinario en que ambientarías unha historia feita por ti?
- 5º** Esta obra acontece en Rianxo, que é un lugar que existe de verdade. Cando escollemos un lugar que existe de verdade para ambientar unha historia, intentamos dar algúns datos para que quen a lea o identifique. Podes crear un xogo de pistas e ir dando datos ata que se adiviñe que lugar é.
- 6º** Neste libro cóntase que algunhas persoas pensaban que na Cova dos Carcamáns había unha moura gardando un tesouro. Sabes que é unha moura? Coñeces algunha historia sobre mouras? Por que non buscas algunha? Tamén podes agochar un tesouro nalgún sitio que só ti saibas e despois ir espallando pistas por diferentes espazos (nas aulas do colexio, nos corredores, no patio...) que leven a el.

Guía didáctica

RECURSOS COMPLEMENTARIOS

- *Cousas da vida. Nenos*, de Alfonso Daniel Castelao, Editorial Galaxia, 2015.

- “Castelao, biografía de un ilustre gallego”, documental de Antón Reixa.


- *Retrincos. Un ollo de vidro*, de Alfonso Daniel Castelao, Editorial Galaxia, 2015.

www.crtvg.es/tvg/a-carta/filmando-a-castelao?t=0

- “Castelao e os irmáns da liberdade”, documental de Xan Leira.

www.youtube.com/watch?v=k1ML1LyYzNc

Guía didáctica



árbore / a partir dos **10** anos

 @falamos.delibros

 @EdGalaxia

 @galaxiaeditorial

 www.editorialgalaxia.gal